


## Ciencias Sociais.

Para repasar o tema da paisaxe que acabamos de rematar, debuxa unha paisaxe natural e unha paisaxe humanizada.



Nesta materia imos comezar á volta co tema da auga. Por iso vos proponho ver o este video onde nos fala do ciclo da auga.



<https://www.youtube.com/watch?v=AUGKRQpkGKY>

Ademais, propóñovos estas tarefas:

1. Para empezar, pensa en sitios onde poidas atopar auga (lembra que o xeo e o vapor tamén son auga!) Pode ser na dentro e fóra da casa. Podes anotalos nun papel.

Pensa tamén para que utilizamos a auga os seres vivos.



Exemplo de manualidade que podedes facer con tubos de cartón do papel hixiénico e pintura.

**Para esta segunda actividade necesitaredes a axuda dun maior.**

2. Imos ver que pasa coa auga.

A auga pode estar en diferentes formas:

Líquido: como sae do grifo.

Sólido: o xeo.

Gasoso: o vapor de auga.

### ¿Cómo es el agua?



Pois... imos a comprobalo!

1. Colle un globo. Se non tes na casa, podes utilizar calquera recipiente que se poida meter no conxelador.

2. Éncheo de auga.


3. Méteo no conxelador e espera ata o día seguinte.

4. Vai a comprobar que pasou coa auga. Apunta os cambios que vexas.

5. Retira o globo ou o recipiente, e COA AXUDA DUN MAIOR, pon esa auga conxelada nun cazo ao lume, espera a que ferva. Que está pasando?

6. Lembra escribir todas as cousas que vaias observando durante o proceso!

3. Por último, unha pregunta para pensar. Por que crees que ao planeta Terra lle chaman o Planeta Azul?



## Ciencias da Natureza.

Para seguir co tema das plantas, imos a ver este vídeo que nos recorda as cousas que xa dimos.

<https://www.youtube.com/watch?v=ThbSPNIRz0o>

### IMOS EXPERIMENTAR!

1. Colle un recipiente (vaso ou tarro de cristal ou plástico, pode ser de iogur).
2. Coloca nel un pouquiño de algodón.
3. No medio do algodón pon unha legume (lentella, garavanzo, etc...), intenta que quede tapada.
4. Molla un pouquiño o algodón cunhas gotas de auga, e pon o vaso nun lugar onde teña luz do sol.
5. Cada día volve humedecer o algodón e vai vendo que pasa coa semente.
6. Escribe os cambios que vaias vendo. Tamén podes sacar algunha foto.



E AGORA... A BAILAR!

Paco Nogueiras é un músico que fai cancións moi chulas, das que podemos aprender moitas cousas. Envíovos o enlace con algunhas delas, pero malia que podedes aproveitar para escoitalas e bailalas todas, imos traballar con unha en especial.

[https://www.youtube.com/watch?v=TDwT\\_igWUZE](https://www.youtube.com/watch?v=TDwT_igWUZE)

No minuto 11:10 do vídeo comeza **“Cos pés na terra”**. Nela contámos o proceso que fan as árbores para nacer.

Escoitade con atención e apuntade nun papel o nome das árbores que saen ao longo da canción. Son moitas!

